

EXPEDIENTE	2025007490
ASUNTO	CURSOS DE ESPAÑOL PARA A PREPARACIÓN DA PROBA DELE A2 PARA O ANO 2025
TRÁMITE	APROBACIÓN DA RELACIÓN DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS XUNTO COAS CAUSAS DE EXLCUSIÓN E ADXUDICACIÓN DE PRAZAS E LISTA DE AGARDA NA EDICION DE VIGO

O presidente, no exercicio das facultades que lle confire a normativa local vixente, dita a seguinte
RESOLUCIÓN

ANTECEDENTES DE FEITO E TRATAMIENTO TÉCNICO

Primeiro. Por Resolución Presidencial núm. RP2025001380 do 27 de febreiro de 2025 aprobáronse as "BASES REGULADORAS DA NOVENA EDICIÓN DOS CURSOS DE ESPAÑOL PARA A PREPARACIÓN DO DELE A2 PARA O ANO 2025" e publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) número 43, de 4 de marzo de 2025, que impartirá persoal docente da Universidade de Vigo en virtude da addenda ao convenio de colaboración aprobado pola Resolución presidencial núm. RP2025002275 do 26 de marzo de 2025.

Segundo. Tal e como se pon de manifesto no informe emitido pola Xefa do Servizo de Benestar Social o 13 de maio de 2025, tras finalizar o 19 de marzo o prazo de presentación de solicitudes, recibíronse un total de 102; cas cales 93 foron definitivamente admitidas y 9 definitivamente excluídas. Pola súa parte, propónse a adxudicación de 20 prazas na edición de Vigo e 1 persoa en lista de agarda, de acordo cos criterios establecidos nas bases reguladoras. (CSV: KQ8YC4YOJRF7DS65).

Terceiro. No expediente consta un informe favorable de Intervención, do 14 de maio de 2025, no que se indica que os gastos derivados deste programa, por importe de 17.340,40 euros, afrontaranse con cargo á aplicación 25/231.2313.480.02 do vixente Orzamento provincial.



Segundo o anterior e de acordo con o establecido nas bases da convocatoria, **RESOLVO**

Primeiro. Aprobar a relación definitiva de persoas admitidas, a relación definitiva de persoas excluídas xunto coas causas de exclusión e a adxudicación de prazas e lista de agarda para participar na edición de Vigo dos Cursos de Español para a Preparación del DELE A2 para o ano 2025 (CSV: XG4VMURCN0V1HXS4, QN8IDYGMZBFDLA12 e VDVD7RSXB4I120XT)

Segundo. Publicar na páxina web da Deputación de Pontevedra a relación definitiva de persoas admitidas, a relación definitiva de persoas excluídas, xunto coas causas de exclusión e a relación de persoas con praza adxudicada e lista de agarda na edición de Vigo.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse un recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditara no prazo dun (1) mes, contado a partir do día seguinte ao desta notificación (artigos 112 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas), ou ben, directamente, un recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Todo iso sen prexuízo de que se poida utilizar calquera outro recurso que se estime conveniente.

